

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL GRATUÍTO

REQUISITOS E INFORMACIÓN XERAL

ASPERGA é un centro colaborador especial coa Xunta de Galicia na área de emprego, por iso atendemos tanto aos usuarios/as da nosa asociación como a persoas externas. Ás persoas interesadas no noso servizo se lles facilitará unha solicitude de derivación á súa oficina de emprego referente, para que se lles poda atender de maneira personalizada no noso centro. O principal neste proceso é a atención á persoa que, por suposto, prima fronte aos trámites administrativos (polo que se dará atención mentres se finaliza algún trámite).

Os requisitos indispensables son:

- Ser demandante de emprego (demanda dada de ALTA).
- Ter máis de 16 anos.
- Ter recoñecida na demanda de emprego a condición de persoa con discapacidade, neste caso Síndrome de Asperger ou Trastorno do Espectro Autista.

OBXECTIVO XERAL

Atención sociolaboral personalizada, aumento do grado de empleabilidade e promover a inserción sociolaboral das persoas que participen no servizo de orientación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Na área de orientación laboral os obxectivos a alcanzar son:
 - a. Identificar e desenvolver o perfil profesional, partindo das experiencias laborais e experiencias persoais e profesionais, e dirixir o proceso de capacitación.
 - b. Dotar de habilidades e ferramentas na procura activa de emprego.
2. Na área de formación:
 - a. Asesorar e informar das posibles accións formativas que se axusten e adecuen ao seu perfil.
 - b. Seguimento e apoio nas accións formativas que as persoas leven a cabo para fomentar a mellora no seu grado de empleabilidade.
3. Na área de intermediación:
 - a. Captar ofertas de emprego axustadas aos perfís dos/as demandantes.
 - b. Sensibilizar e asesorar ao tecido empresarial cara á contratación de persoas con síndrome de Asperger (guías de comunicación).
4. Na área de emprego:
 - a. Seguimento e apoio a aquelas persoas que inicien unha actividade laboral e presenten determinadas dificultades, tratando de garantir a súa continuidade e promoción no posto de traballo.

CONTACTO CO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL **881 917 318** – asperga.olaboral@asperga.org